

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: C.E.I.P. PLURILINGÜE PEPE DE XAN BAÑA
CURSO: 2019/2020
MATERIA: Inglés Sexto de Educación Primaria
DEPARTAMENTO: Inglés
DATA: 08/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Comprender a idea global e o mais relevante dun texto	Comprende o sentido global e a información máis importante de textos
Coñecer e aplicar as estratexias básicas para comprender un texto	Recoñece o vocabulario de temas familiares ou do seu interese
Participar activamente nos traballos que se lle piden	Participa de forma activa e cooperativa nos traballos que se lle piden
Valorar as linguas estranxeiras como instrumento de comunicación	Amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira
Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas máis importantes en textos escritos sinxelos	Comprende frases simples escritas, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral
Discriminar patróns gráficos e recoñecer os significados e intencións comunicativas básicas	Amosa interese pola lectura nunha lingua estranxeira
Identificar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e de uso diario	Amosa unha actitude de escoita activa
Iniciación no uso autónomo de estratexias de comprensión lectora	Iniciase progresivamente no uso autónomo de estratexias de comprensión lectora
Formulación de hipóteses sobre o texto a partir de elementos icónicos e títulos	Formula hipóteses sobre o texto a partir de elementos icónicos e títulos
Mostrar interese por informarse, comunicarse e aprender a través dos textos escritos	Amosa interese por informarse, comunicarse e aprender a través dos textos escritos
Escribir textos sinxelos propios	Escribe frases sinxelas relacionadas con temas da súa vida cotiá
Identificar aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira	Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira

Amosar curiosidade por aprender unha lingua estranxeira e a súa cultura	Amosa curiosidade por aprender unha lingua estranxeira e a súa cultura
Memorizar rutinas lingüística para desenvolverse nas interaccións habituais.	Memoriza rutinas lingüística para desenvolverse nas interaccións habituais.
Comparar de aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe	Compara aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe
Mostrar interese e respecto polas contribucións dos seus compañeiros.	Mostra interese e respecto polas contribucións dos seus compañeiros.

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	Procedementos: Realizarase sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo e ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma, sempre e cando beneficie ao alumnado. As propostas que se están facendo son proxectos temáticos (selección de información, elaboración dun póster, escoita activa de vídeos sobre o tema,...).
	Instrumentos: Observación a través de canles de comunicación son telemáticos: páxina web e blogue de inglés, whatsapps, correo electrónico,...). Ao alumnado sen conectividade se lle contacta por teléfono.
Cualificación final	Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: Terase en conta as cualificacións do primeiro e segundo trimestre
Proba extraordinaria de setembro	Non hai
Avaliación de materia pendentes	Criterios de avaliación: non hai alumnado de materia pendente en inglés
	Criterios de cualificación: non hai alumnado de materia pendente en inglés
	Procedementos e instrumentos de avaliación: non hai alumnado de materia pendente en inglés

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Proxectos temáticos , exercicios voluntarios no Activity book ou nas propostas feitas no blogue de inglés. Lectura e escoita voluntaria de libros en inglés, vídeos, etc. propostos no blogue.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	Traballo por proxectos, baseado nunha metodoloxía construtivista que busca a transversalidade dos contidos, unha aprendizaxe activa que fomenta a participación e parte dos coñecementos previos, fomentando o trabllo autónomo e cooperativo (neste caso, como non se pode facer en grupo esa parte sería a través da difusión dos resultados de outros alumnos e alumnas). Iniciación á investigación educativa e desenrolo da creatividade e orixinalidade.
Materiais e recursos	Propostas no blog da páxina web con enlaces a internet e información aportada vía whatsapp, webquests,etc.

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	Infórmase a través da páxina web do centro, no blogue de inglés e a través de comunicados directos por whatsapp o teléfono.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.